



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tel: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA DE SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PARA O DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2017

Visto que o vindeiro día 24 de febreiro do 2017 remata o prazo para solicitar á Deputación Provincial da Coruña a participación no POS+ 2017 mediante a inclusión do acordo de aprobación, dos proxectos técnicos e demais documentación esixida nas bases que regulan o plan na plataforma SUBTEL dispoñible na páxina web da Deputación para estes efectos, e visto que os proxectos das obras a incluír nos diferentes conceptos foron presentados o día 17 de febreiro do 2017, e

Considerando o previsto no artigo 46.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e no artigo 79 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF),

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria do PLENO da Corporación que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o vindeiro día 23 de febreiro de 2017 (xoves) ás 10:30 horas, coa seguinte orde do día:

1.- Ratificación da inclusión na orde do día da sesión plenaria do asunto denominado “Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017”; sen ter sido ditaminado previamente pola comisión informativa.

2.- Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017.

Segundo. Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

(Documento asinado dixitalmente)